



# A LINGUA DE CONTRABANDO

Teatro, música, memoria

limiar

**limiar**

**Proxectos escénicos e culturais**



# A LINGUA DE CONTRABANDO

## TEATRO\_MÚSICA\_MEMORIA

Unha comedia de Limiar teatro coa que poñer en valor esas historias que forman parte da nosa tradición oral dun xeito lúdico e festivo. A lingua é memoria compartida por volta dun café.





A lingua de contrabando é unha comedia na que a música, o teatro, a narración oral e a cociña se unen para estimular a memoria colectiva por volta da lingua. A memoria das historias que pasan de boca en boca, das historias de contrabando. Tomamos as historias que a xente nos foi contando sobre Castelao como pretexto, como fío condutor para falar das nosas historias, das historias da nosa parroquia. A lingua de contrabando xoga cun espazo escénico reducido adaptable tanto a interior como exterior e uns poucos elementos para falar da vida e da morte, para falar da lingua, das festas, nacimentos, comidas, enterros, para falar de nós. A función non comeza nin remata, fúndese na cotidianeidade cun pre e un post espectáculo no que o encontro, a conversa e o diálogo por volta dun café fan que se intercambien historias, sabores e saberes.

A lingua de contrabando é sen dúbida un intercambio, unha troca.

## O espectáculo





A lingua de contrabando é unha comedia, un divertimento teatral e musical co que xogar coa nosa lingua e coa nosa historia. A través do paralelismo entre o contrabando da fronteira entre Galicia e Portugal e o contrabando cultural de ideas, solucións, historias, libros e palabras que pasan de man en man e de boca en boca alén da Galiza oficial “A lingua de contrabando” dialoga co noso presente lingüístico e cultural de xeito áxil e sen prexuizos. O contrabando naceu como unha necesidade de supervivencia, como un xeito de alimentar a un país esmorecente e pode que a supervivencia do galego pase polo contrabando, por todas aqueles e aquellas contrabandistas culturais que o manteñen vivo.

## O espectáculo





Un dos sinais de identidade dos traballos de Limiar teatro é a presenza de música en directo e o traballo de manipulación de obxectos ligado á metáfora e á polisemía. En “A lingua de contrabando” a musica virá da man de instrumentos que achegarán novas sonoridades á proposta: whistle, ukelele, percusións, contrabaixo,, melódica... Un son máis orgánico que o de anteriores traballos para un crear un espectáculo máis intimista e de proximidade.

O traballo de obxectos nace ligado á manipulación dos bancos que construirán o espazo escénico e serán o eixo para crear ambientes e atmósferas xunto co son.

**O son, o espazo.**





Limiar é o límite, a fronteira e por iso a compañía movémonos nas fronteiras artísticas, xeográficas e persoais.


Investigamos no límite das artes integrando diferentes disciplinas como teatro, danza, música, teatro de obxectos, a gastronomía ou as artes plásticas e visuais.

Rompemos fronteiras xeográficas con coproducións e xiras fóra de Galicia que nos levaron a estrear máis da metade das nosas producións fóra de Galicia e a integrar nos equipos a profesionais de España, Francia, Rusia, Brasil, Colombia e Portugal.

**A compañía**



CASTRO 2017



**2013\_Mateo 16,18** (Con Teatro del Hereje) Medina de Rioseco. Espectáculo comunitario para a puesta en valor do patrimonio na Igrexa de Santiago de los Caballeros.

**2014\_Teresa** (Con Teatro del Hereje) Medina del Campo, Espectáculo comunitario para a posta en valor do patrimonio no Palacio de Dueñas.

**2016\_A lingua na boca** Espectáculo para a Deputación de Pontevedra. Xira por toda a provincia con 62 funcións para conmemorar o Ano Castelao.

**2016\_Gala Castelao** Intervención para a Deputación de Pontevedra como acción inaugural.

**2016\_Soutomaior** Espectáculo creado para Turismo Rías Baixas no Castelo de Soutomaior.

**2017 - Gala Rias Baixas** Intervención para Turismo Rías Baixas dentro da presentación da estratexia 2017/2018.

**2017 - Inspiraciencia.** Espectáculo creado a medida para o CSIC realizado no MUNYCIT de A Coruña.

## Proxectos á medida



**ANO CASTELAO 2016**



**2009 - Os 4 da Xunqueira** (Limiar Teatro, Centro Dramático Galego e MAO-Portugal)- Estrea en Ponte de Lima (Portugal).

**2010 - Verbum Fahrenheit** (Limiar Teatro e Verbum Casa das Palabras)- Estrea en Vigo con xira en Galicia, Brasil e Portugal.

**2011 - Don Quixote** - Estrea en Alaejos (Salamanca) con xira en Galicia, Portugal, España, Brasil e Francia.

**2014 - Pangeia** (Limiar Teatro, Centro Dramático Galego, Acaso Danza-Brasil, APACEPE-Brasil, Janeiro de Grandes Espectáculos-Brasil e CC Malaposta-Portugal) - Estrea en Lisboa con xira en Galicia, Brasil e Portugal.

**2016 - O conto da Azuzaina** (Limiar teatro, Crémilo e EsteOeste) estrea no Festival Galicia Escena Pro (Compostela)

•  
•

**Outros proxectos**



PANGEIA 2015

**Espectáculos presentes en máis de 30 festivais internacionais entre os que destacan::**

- 
- 2013. Rock Rural. Alfenas (BH – Brasil)
  - 2013. Ribeirão em Cena. Riberirao Preto (SP-Brasil)
  - 2013. Semána de Cénicas. Recife (PE – Brasil)
  - 2013. Mostra Domingos na casa. São Paulo (SP – Brasil)
  - 2013 Localidades Agotadas. Oviedo (Asturias)
  - 2014. FITA . Beja(Portugal)
  - 2015 Escena Cervantes. Madrid (Madrid)
  - 2015 Bienal de Culturas Lusófonas. Lisboa. (Portugal)
  - 2015 Escena Muriñaque. Santander (Cantabria)
  - 2015 Janeiro de Grandes Espectáculos. Recife. (PE – Brasil)
  - 2015 Festival Essencia. Cuarta Pared. Madrid (Madrid)
  - 2016 Festival en un lugar del Quijote. Madrid (Madrid)
  - 2017 Contracena. Cabeceiras de Basto. (Portugal)
  - 2017 Lisboa Capital Iberoamericana da Cultura (Portugal)
  - 2017 Feria del libro de San José (Uruguai)

**Diversos premios e mencións como o Premio “Día de la Constitución ou o Premio Suso Díaz da MITEU.**

**Recoñecementos**



**TERESA 2014**

Ao longo dos anos temos traballado para diferentes clientes tanto nacionais como internacionais creando dende contidos específicos para eventos de gran proxección a pequenas accións puntuais. Aquí un pequeño exemplo dos nosos clientes e colaboradores.



## Clientes institucionais



MATEO 16,18 2013



# limiar

Fran Núñez

[limiarteatro@gmail.com](mailto:limiarteatro@gmail.com)

+34 645444836

Contacto

